

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO : CEIP PLURILINGÜE DE OUTES
CURSO: 3º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Manter conversas sinxelas sobre temas familiares en situacións contextualizadas de comunicación, respectando as convencións lingüísticas e sociais básicas de interacción.	Fai representacións breves e elementais , previamente preparadas sobre temas próximo a sí mesmo/a cunha pronuncia comprensible.	CCL
Comprender o significado xeral e informacións específicas de textos orais variados producidos en diferentes situacións de comunicación	Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións orais variados , procedentes de diferentes medios de comunicación.	CCL CAA
Ler comprensiblemente para obter a imaxe xeral e informacións específicas de textos sinxelos e traballados anteriormente	Comprende textos sinxelos relacionados con temas traballados previamente de forma oral.	CCL CAA
Escribir diversos textos con propósitos e formatos variados, utilizando modelos e respectando algunhas regras de coherencia e cohesión textual tanto en papel como de maneira dixital	Escribe textos sinxelos , organizados na súa coherencia , con léxico relacionado co tema da escritura e respectando a estrutura gramatical coñecida.	CCL CD
Amosar interese para a formación cultural dos países de Lingua Inglesa.	Amosa interese polas persoas que falan a lingua Inglesa e a súa cultura.	CSC

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

COMPETENCIAS CLAVE

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos e instrumentos: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado.
Cualificación final	Na avaliación final ordinaria, terase en conta os resultados das dúas primeiras avaliacións e o traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial. Este traballo inclúe actividades de repaso, reforzo e posible ampliación das aprendizaxes que teñan como referentes as competencias clave esenciais para a adecuada progresión do alumnado.
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Ter en conta os sinalados anteriormente para cada materia.
	Criterios de cualificación: Teranse en conta os resultados obtidos nas dúas primeiras avaliacións, vendo a evolución a través do traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial que só poderá ter valor positivo.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado que teña materias pendentes.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.</p> <p>Ademais a través do blogue propóñense diferentes actividades motivadoras con motivo de conmemoracións como o día do libro, o Pampallín, Letras Galegas, etc.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Dada a complexidade da situación actual que non permite que as sesións poidan levarse a cabo dunha maneira presencial, a metodoloxía estará baseada na comunicación telemática entre titor/a e alumnado a través de chamadas telefónicas, do blogue de aula que está na páxina web do centro e o correo electrónico para solucionar dúbidas e corrección de tarefas. Tamén se empregará o espazo Abalar para manter a comunicación coas familias e videoconferencias coa aplicación Cisco Webex Meetings co alumnado.</p>
Materiais e recursos	<p>Libros de texto, libretas, material funxible, ordenadores, tablets, móbiles, blogs educativos de elaboración propia e páxina web do centro.</p> <p>Hai que ter en conta que o concello presta un servizo de fotocopiado e escaneado de materiais para o alumnado.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A comunicación centro-familias farase a través do espazo Abalar e da páxina web.
Publicidade	Publicación deste documento na páxina web do centro.